



TUTORIAL: PIZARRA DIXITAL INTERACTIVA

As pizarras dixitais interactivas instaladas na maioría das aulas teñen algunhas peculiaridades de manexo que debemos coñecer:

- ① Se pechamos o driver (controlador) da pizarra, esta **non funciona**.





Cando acendemos o computador ábrese unha pequena xanela do controlador, se a pechamos a pizarra non funciona. Debemos facer clic en **minimizar**.



Antes de minimizar a xanela podemos calibrala facendo clic en **"Calibración"**, a pizarra adoptará o aspecto que podes ver a esquerda, pulsamos no centro do primeiro punto de calibración e mantemos a pulsación un instante (un ou dous segundos), ao soltar aparecerá o segundo punto, repetimos o proceso ata completar o nove puntos. Ao finalizar preguntaranos se queremos conservar o perfil, respondemos que non. A diferenza doutras pizarras, esta non adoita necesitar calibración.



- ② Cando chego á clase o computador estaba aceso e o profesor anterior había pechado o controlador. Que fago?

Temos que abrir o controlador e minimizalo, na páxina seguinte podes ver como se fai.




Se a acender o computador non se abre a xanela do controlador, seguimos os pasos anteriores para abri-la e minimizala.

③ Acceso ao software da pizarra dixital



④ Descargar o software da pizarra dixital no noso computador

Pulsando nesta [ligazón](#) accedemos a páxina de Open-Sankoré para descargar o software.



Tes dúbidas? Neste [vídeo](#) explícanche como descargar e instalar o software da pizarra dixital. Tamén explican como descargar o “descompresor” WinRar ou 7Zip se non o tiveses.

E desde esta [ligazón](#) podes ver un vídeo no que se explica o uso do programa.



TUTORIAL: PIZARRA DIXITAL INTERACTIVA by Manuel Rodríguez Aira is licensed under a [Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional License](#).